La Voz de Galicia LUNS 14 XANEIRO 2018 • ANO XIII – Nº 528 • Correo: liderlugo@lavoz.es

1. Líder



# A PAIXÓN POLO FÚTBOL

**Os máis novos foron os primeiros en saír aos terreos de xogo e disputaron moitos encontros con temperaturas baixo cero.** Nos faladoiros dos campos os afeccionados criticaban a esixencia nos horarios dos encontros de fútbol 8 respecto aos de sénior e veteranos

PROVINCIAL INFANTIL

## Póker de Adrián adicado a Aleixo



O Burela gañou con catro goles do punta ao Villalbés e todo o equipo tivo presente ao seu compañeiro

REPORTAXE

## Éxito no XVII Torneo de Reis da Milagrosa

Protagonismo lucense, ao alzarse co título prebenxamín a Piringalla e o Lugo cos de benxamín e alevín. EFF Rosalía en alevín e Victoria en infantil reinaron na competición feminina



## O Lugo remontou un 0-3 na División de Honra cadete

**Os de Murado protagonizaron un encontro que quedará para o recordo ante o Rácing de Ferrol nas Gándaras. Un máis que discreto inicio de partido desencadeou en tres goles dos ferroláns en apenas vinte minutos. A partir de aí os albivermellos creron nunha remontada que iniciou Michi, continuárona Rosón e Samu e culminouna Asier no último minuto**

Líder

# Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Alondras – Pontevedra | 0-1 |
| RC Celta – CD Lugo | 2-0 |
| TSK Roces – Val Miñor | 1-0 |
| Deportivo – Colindres | 5-0 |
| R. Ferrol – R. Oviedo | 0-2 |
| R. Santader – At. Perines | 3-1 |
| Bansander – Ural | 2-0 |
| Covadonga – Sp. Gijón | 1-4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 47 | 19 | 15 | 2 | 2 | 45 | 15 |
| SPORTING GIJÓN | 46 | 19 | 14 | 4 | 1 | 62 | 15 |
| R SANTANDER | 42 | 19 | 13 | 3 | 3 | 52 | 17 |
| **CD LUGO** | **34** | **19** | **10** | **4** | **5** | **34** | **24** |
| REAL OVIEDO | 33 | 19 | 9 | 6 | 4 | 29 | 13 |
| URAL CF | 32 | 19 | 10 | 2 | 7 | 36 | 29 |
| RC DEPORTIVO | 31 | 19 | 9 | 4 | 6 | 39 | 20 |
| ATL PERINES | 29 | 19 | 8 | 5 | 6 | 33 | 36 |
| ED VAL MIÑOR | 23 | 19 | 6 | 5 | 8 | 22 | 28 |
| BANSANDER | 23 | 19 | 7 | 2 | 10 | 23 | 39 |
| RACING FERROL | 21 | 19 | 5 | 6 | 8 | 25 | 35 |
| TSK ROCES | 21 | 19 | 6 | 3 | 10 | 19 | 38 |
| CD COVADONGA | 14 | 19 | 3 | 5 | 11 | 17 | 36 |
| PONTEVEDRA CF | 13 | 19 | 4 | 1 | 14 | 21 | 44 |
| ALONDRAS CF | 9 | 19 | 2 | 3 | 14 | 9 | 43 |
| CD COLINDRES | 9 | 19 | 2 | 3 | 14 | 7 | 41 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sp. Gijón – RC Celta | R. Oviedo – R. Santander
At. Perinés – Pontevedra | Val Miñor – Deportivo
Colindres – Bansander | CD Lugo – TSK Roces
Ural – R. Ferrol | Covadonga – Alondras

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| RC Villalbés – CD Areosa | 3-1 |
| Sta. Mariña – CD Lérez | 0-4 |
| Conxo – R. Bouzas | 1-0 |
| Pabellón – Calasanz | 0-2 |
| Orillamar – Deportivo B | 2-1 |
| Porriño – Victoria | 3-3 |
| CD Lugo B – Choco | 1-2 |
| Val Miñor B – Arosa SC | 2-1 |
| RC Celta B – Valladares | 7-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA "B" | 46 | 18 | 15 | 1 | 2 | 59 | 19 |
| C.D. CALASANZ | 40 | 18 | 12 | 4 | 2 | 33 | 16 |
| VICTORIA C.F. | 36 | 18 | 11 | 3 | 4 | 40 | 24 |
| DEPORTIVO "B" | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 33 | 19 |
| C.D. CHOCO | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 41 | 25 |
| C.D. CONXO | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 42 | 33 |
| PABELLON C.F. | 31 | 18 | 9 | 4 | 5 | 33 | 20 |
| **VILLALBES** | **30** | **18** | **9** | **3** | **6** | **22** | **25** |
| C.D. AREOSA | 26 | 18 | 8 | 2 | 8 | 30 | 30 |
| PORRIÑO | 25 | 18 | 7 | 4 | 7 | 34 | 36 |
| E.D. VAL MIÑOR | 22 | 18 | 5 | 7 | 6 | 24 | 28 |
| RAPIDO BOUZAS | 20 | 18 | 5 | 5 | 8 | 17 | 20 |
| SANTA MARIÑA | 18 | 18 | 5 | 3 | 10 | 22 | 28 |
| VALLADARES | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 29 | 40 |
| AROSA S.C. | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 17 | 29 |
| **C.D. LUGO "B"** | **14** | **18** | **4** | **2** | **12** | **23** | **43** |
| ORILLAMAR S.D. | 14 | 18 | 4 | 2 | 12 | 24 | 58 |
| C.D. LEREZ | 8 | 18 | 2 | 2 | 14 | 24 | 54 |

### PRÓXIMA XORNADA

Valladares – RC Villalbés | Deportivo B – Porriño
CD Areosa – Sta. Mariña | Victoria – CD Lugo B
CD Lerez – Conxo | Choco – Val Miñor B
R. Bouzas – Pabellón | Arosa SC – RC Celta B
Calasanz – Orillamar

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bergantiños – Viveiro | 4-0 |
| Estrada – Dumbría | 3-2 |
| Victoria B – At. Riveria | 3-2 |
| Arteixo – Betanzos | 1-1 |
| Ural B – O Val | 1-4 |
| Compostela – Conxo B | 0-3 |
| Residencia – EF Lalín | 3-3 |
| As Pontes – Montañeros | 1-1 |
| G. Caranza – Boiro | 4-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 43 | 18 | 13 | 4 | 1 | 54 | 21 |
| S.D. O VAL | 41 | 18 | 13 | 2 | 3 | 46 | 21 |
| S.D. COMPOSTELA | 39 | 18 | 12 | 3 | 3 | 37 | 22 |
| MONTAÑEROS C.F. | 36 | 18 | 10 | 6 | 2 | 37 | 18 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 35 | 18 | 10 | 5 | 3 | 36 | 15 |
| ESTRADA FB | 31 | 18 | 10 | 1 | 7 | 26 | 29 |
| C.D. BOIRO | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 34 | 28 |
| C.F. DUMBRIA | 27 | 18 | 8 | 3 | 7 | 30 | 28 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **26** | **18** | **7** | **5** | **6** | **30** | **32** |
| VICTORIA C.F. "B" | 26 | 18 | 8 | 2 | 8 | 33 | 33 |
| URAL C.F. "B" | 26 | 18 | 7 | 5 | 6 | 35 | 28 |
| GALICIA CARANZA | 22 | 18 | 6 | 4 | 8 | 38 | 39 |
| C.D. CONXO "B" | 21 | 18 | 7 | 0 | 11 | 30 | 28 |
| **RESIDENCIA "A"** | **16** | **18** | **4** | **4** | **10** | **29** | **42** |
| C.D. AS PONTES | 15 | 18 | 4 | 3 | 11 | 24 | 32 |
| AT. DE RIVEIRA | 10 | 18 | 3 | 1 | 14 | 33 | 67 |
| BETANZOS C.F. | 8 | 18 | 2 | 2 | 14 | 19 | 56 |
| ARTEIXO | 5 | 18 | 0 | 5 | 13 | 21 | 53 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Bergantiños | O Val – Compostela
Viveiro CF – Estrada | Conxo B – Residencia
Dumbría – Victoria B | EF Lalín – As Pontes
At. Riveira – At. Arteixo | Montañeros – G. Caranza
Betanzos – Ural B

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| UD Ourense – Barbadas | 2-1 |
| Choco B – Verín | 3-3 |
| A Seca – Monteporreiro | 3-2 |
| Comesaña – AJ Lérez | 4-3 |
| Ribadumia – Pabellón B | 0-2 |
| Coruxo – Portonovo | 1-1 |
| Calasancio – Vila Corpus | 3-0 |
| Barco – Ourense CF | 0-3 |
| Alondras B – Tomiño | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 44 | 18 | 14 | 2 | 2 | 58 | 21 |
| U.D. OURENSE | 42 | 17 | 13 | 3 | 1 | 46 | 15 |
| MONTEPORREIRO | 34 | 17 | 11 | 1 | 5 | 42 | 24 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 36 | 29 |
| A.J. LEREZ | 29 | 18 | 9 | 2 | 7 | 45 | 27 |
| PABELLON "B" | 29 | 18 | 8 | 5 | 5 | 47 | 27 |
| U.D. BARBADAS | 29 | 18 | 9 | 2 | 7 | 26 | 26 |
| **C.P. CALASANCIO** | **26** | **18** | **7** | **5** | **6** | **25** | **25** |
| A.D. TOMIÑO | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 42 | 45 |
| CORUXO F.C. | 23 | 18 | 6 | 5 | 7 | 30 | 31 |
| A.C.D. A SECA | 23 | 18 | 7 | 2 | 9 | 33 | 35 |
| C.D. RIBADUMIA | 21 | 18 | 6 | 3 | 9 | 31 | 40 |
| U.D. COMESAÑA | 20 | 18 | 6 | 2 | 10 | 32 | 44 |
| A.D. VILA CORPUS | 20 | 18 | 6 | 2 | 10 | 26 | 36 |
| PORTONOVO S.D. | 19 | 18 | 5 | 4 | 9 | 27 | 35 |
| E.D.C. VERIN | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 25 | 46 |
| C.D. BARCO | 14 | 18 | 4 | 2 | 12 | 20 | 57 |
| C.D. CHOCO "B" | 12 | 18 | 2 | 6 | 10 | 19 | 47 |

### PRÓXIMA XORNADA

Tomiño – UD Ourense | Pabellón B – Coruxo
Barbadás – Choco B | Portonovo – Calasancio
Verín – A Seca | Vila Corpus – Barco
Monteporreiro – Comesaña | Ourense CF – Alondras B
AJ Lérez – Ribadumia

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bergantiños – CD Areosa | 2-1 |
| Sta. Mariña – Pontevedra | 4-2 |
| Conxo – San Tirso | 0-1 |
| Pabellón – Calasanz | 1-0 |
| Ural – Deportivo | 1-2 |
| Coruxo – Victoria | 2-1 |
| CD Lugo – R. Ferrol | 4-3 |
| Ourense CF – Montañeros | 2-2 |
| RC Celta – Val Miñor | 5-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 48 | 18 | 16 | 0 | 2 | 76 | 13 |
| R.C. DEPORTIVO | 47 | 18 | 15 | 2 | 1 | 59 | 12 |
| URAL C.F. | 35 | 18 | 11 | 2 | 5 | 31 | 19 |
| **C.D. LUGO** | **30** | **18** | **9** | **3** | **6** | **39** | **29** |
| PABELLON C.F. | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 33 | 23 |
| SAN TIRSO S.D. | 28 | 17 | 8 | 4 | 5 | 31 | 26 |
| VAL MIÑOR | 28 | 18 | 8 | 4 | 6 | 30 | 26 |
| C.D. CALASANZ | 25 | 17 | 7 | 4 | 6 | 21 | 22 |
| CORUXO F.C. | 25 | 18 | 8 | 1 | 9 | 25 | 30 |
| PONTEVEDRA C.F. | 24 | 18 | 8 | 0 | 10 | 31 | 32 |
| RACING FERROL | 22 | 17 | 6 | 4 | 7 | 25 | 37 |
| C.D. CONXO | 22 | 17 | 6 | 4 | 7 | 22 | 24 |
| OURENSE C.F. | 22 | 18 | 6 | 4 | 8 | 24 | 36 |
| VICTORIA C.F. | 19 | 18 | 6 | 1 | 11 | 23 | 38 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 22 | 49 |
| SANTA MARIÑA | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 21 | 40 |
| MONTAÑEROS C.F. | 10 | 18 | 2 | 4 | 12 | 14 | 44 |
| C.D. AREOSA | 7 | 18 | 1 | 4 | 13 | 21 | 48 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Bergantiños | Deportivo – Coruxo
CD Areosa – Sta. Mariña | Victoria – CD Lugo
Pontevedra – Conxo | R. Ferrol – Ourense CF
San Tirso – Pabellón | Montañeros – RC Celta
Calasanz – Ural

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bergantiños B – Viveiro CF | 1-0 |
| Estrada – CD Lugo B | 0-0 |
| Victoria B – Milagrosa | 2-0 |
| Deportivo B – Calasanz B | 0-2 |
| Ural B – R. Ferrol B | 1-1 |
| Bertamiráns – X. Oroso | 8-2 |
| Dumbría – Orillamar | 3-1 |
| San Tirso B – RC Villalbés | 1-2 |
| G. Caranza – EF Lalín | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 52 | 18 | 17 | 1 | 0 | 52 | 13 |
| X. OROSO | 42 | 18 | 13 | 3 | 2 | 60 | 26 |
| **RACING VILLALBES** | **39** | **18** | **12** | **3** | **3** | **37** | **19** |
| DEPORTIVO B | 34 | 18 | 10 | 4 | 4 | 41 | 15 |
| GALICIA CARANZA | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 42 | 19 |
| C.F. DUMBRIA | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 30 | 26 |
| BERGANTIÑOS | 31 | 18 | 9 | 4 | 5 | 26 | 17 |
| C.D. CALASANZ "B" | 28 | 18 | 8 | 4 | 6 | 25 | 19 |
| ESTRADA FB | 26 | 18 | 7 | 5 | 6 | 24 | 31 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 22 | 18 | 6 | 4 | 8 | 25 | 27 |
| R. FERROL "B" | 20 | 18 | 5 | 5 | 8 | 18 | 34 |
| **C.D. LUGO "B"** | **20** | **18** | **6** | **2** | **10** | **21** | **35** |
| URAL C.F. "B" | 19 | 18 | 5 | 4 | 9 | 19 | 24 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **19** | **18** | **5** | **4** | **9** | **24** | **32** |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **14** | **18** | **4** | **2** | **12** | **18** | **44** |
| E.F. LALIN | 13 | 18 | 3 | 4 | 11 | 19 | 38 |
| VICTORIA C.F. "B" | 10 | 18 | 3 | 1 | 14 | 14 | 32 |
| ORILLAMAR S.D. | 6 | 18 | 2 | 0 | 16 | 10 | 54 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalín – Bergantiños B | R. Ferrol B – Bertamiráns
Viveiro CF – Estrada | X. Oroso – Dumbría
CD Lugo B – Victoria B | Orillamar – San Tirso B
Milagrosa – Deportivo B | RC Villalbés – G. Caranza
Calasanz B – Ural B

## INFANTIL GALEGA TÍTULO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ural CF – Portero 2000 | 1-1 |
| Arosa SC – Ourense CF | 1-3 |
| RC Celta – Bertamiráns | 3-3 |
| X. Oroso – R. Ferrol | 3-3 |
| Victoria – Deportivo | 1-5 |
| Choco – Val Miñor | 1-1 |
| Sta. Mariña – CD Lugo | 0-0 |
| Montañeros – Pabellón | 1-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 1 |
| OURENSE C.F. | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| BERTAMIRANS F.C. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| E.D. X. OROSO | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| RACING FERROL | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| MONTAÑEROS | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| C.D. CHOCO | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| VAL MIÑOR | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| PORTERO 2000 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| PABELLON C.F. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| URAL C.F. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| **C.D. LUGO** | **1** | **1** | **0** | **1** | **0** | **0** | **0** |
| SANTA MARIÑA | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| AROSA S.C. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 3 |
| VICTORIA C.F. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 5 |

### PRÓXIMA XORNADA

Portero – Montañeros | Deportivo – X. Oroso
Ourense CF – Ural | Val Miñor – Victoria
Bertamirans – Arosa SC | CD Lugo – Choco
R. Ferrol – RC Celta | Pabellón – Sta. Mariña

## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| EF Lalín – Residencia A | 2-0 |
| Bergantiños – G. Caranza | 2-4 |
| At. Riveira – Conxo | 0-3 |
| Milagrosa – Calasanz | 1-6 |
| Imperator – San Tirso | 6-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONXO STG. | 14 | 1 | 0 | 0 | 1 | 3 | 0 |
| SAN TIRSO | 13 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 6 |
| CALASANZ | 13 | 1 | 1 | 0 | 0 | 6 | 1 |
| LALÍN | 13 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| G. CARANZA | 12 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 2 |
| BERGANTIÑOS | 9 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 4 |
| IMPERATOR | 9 | 1 | 1 | 0 | 0 | 6 | 1 |
| RIVEIRA | 6 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 3 |
| **RESIDENCIA** | **4** | **1** | **0** | **0** | **1** | **0** | **2** |
| **MILAGROSA** | **0** | **1** | **0** | **0** | **1** | **1** | **6** |

### PRÓXIMA XORNADA

Residencia A – Imperator | Calasanz – At. Riveira
G. Caranza – EF Lalín | San Tirso – Milagrosa
Conxo – Bergantiños

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Pabellón P. – Salgueiriños | 0-1 |
| Alondras – Porriño | 0-2 |
| Coruxo – CD Areosa | 1-1 |
| ED Ourense – ED Arousa | 3-2 |
| R. Bouzas – Calasancio | 4-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED OURENSE | 17 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 2 |
| SALGUEIRIÑOS | 14 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| ALONDRAS | 13 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 |
| AREOSA | 11 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| PORRIÑO | 11 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| R. BOUZAS | 9 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| AROUSA | 8 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| **CALASANCIO** | **5** | **1** | **0** | **0** | **1** | **0** | **4** |
| PABELLÓN PR. | 4 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| CORUXO | 4 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |

### PRÓXIMA XORNADA

Salgueiriños – R. Bouzas | ED Arousa – Coruxo
Porriño – Pabellón Prom. | Calasancio – ED Ourense
CD Areosa – Alondras








# O Celta de Vigo exerceu a súa condición de líder na Madroa

## O LUGO APENAS TIVO PROTAGONISMO E DESCÓLGASE DA LOITA POLOS PRIMEIROS POSTOS tras encadear por primeira vez esta tempada tres xornadas consecutivas sen gañar

**CELTA DE VIGO** 2 | 0 **CD LUGO**

**Goles:** Lauti e Losada.




**Arbitro:** José Manuel Rodríguez Ares **Campo:** A Madroa, Vigo



Xabi Domínguez presionando a un xogador do Celta de Vigo no partido da primeira volta

> “No tuvimos muchas opciones al tener enfrente a una gran versión del Celta de Vigo”
>
> MIGUEL MATEOS CD Lugo

O Celta de Vigo segue no máis alto da clasificación na División de Honra xuvenil tras impoñerse ao Lugo na Madroa por dous goles a cero. Un resultado que descolga aos lucenses do soño do podio da Liga ao quedarse a oito puntos do Rácing de Santander logo de encadenar por primeira vez esta tempada tres encontros sen gañar.

A cita era a máis esixente da tempada, ao visitar un campo no que tan só se viron sorprendidos os celestes nunha ocasión este curso. O Lugo variou o seu sistema de xogo coa intención de sorprender ao Celta cun 4-4-2 co que Álex Antón ademais buscaba presenza no medio campo e incomodar a saída de balón local con dous puntas, Dani Real e Christian. Con todo, a posesión foi do Celta practicamente durante os noventa minutos de xogo.

**1**

**LUCENSE NO CELTA**
Como no partido de ida, o mariñao Aldán tivo minutos ante o Lugo. O ex xogador do Viveiro é unha das perlas da canteira celeste e do fútbol galego

O Lugo defendeuse con orde e mantivo o cero a cero inicial no marcador nos primeiros minutos sen recibir ocasións, coa intención de chegar con vida á segunda parte. Pero a calidade celeste saíu a relucir na súa primeira aproximación co un a cero ao fío da media hora de partido na súa primeira chegada aos dominios de Losada ao bater Lauti ao porteiro monfortino no man a man.

Antes do descanso Losada evitou o segundo gol do Celta nun novo man a man ao gañarlle a partida a Thiago, mentres que o Losada do Celta amagou tamén con ampliar a diferenza cun disparo que se foi rozando o poste desde fóra da área.

Ao comezo da segunda parte o Lugo adiantou liñas, pero cando máis estaban crecendo os lucenses no partido unha perda de balón no mediocampo desencadeou nunha contra coa que o Celta deixou o partido visto para sentenza co dous a cero á hora de partido.

Na media hora final os celestes tiveron o balón e o Lugo unha ocasión por medio de Álex Ramos para recortar distancias, pero o partido xa o tiña amarrado un Celta que se mantén firme no máis alto da táboa pese á presión que lle mete o Sporting, segundo clasificado a un só punto.

### TROFEO JORGE TATO — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| CHRISTIAN | CD Lugo | 8 |
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo | 7 |
| DAVID LÓPEZ | RC Villalbés | 7 |
| VELOSO | Residencia | 7 |
| JORGE | Calasancio | 6 |
| JAIRO | Viveiro CF | 6 |
| DANI A. | CD Lugo B | 5 |
| YAGO | CD Lugo B | 5 |
| FONSECA | Residencia | 5 |
| BATALLÓN | Residencia | 5 |
| VIDAL | CD Lugo | 4 |
| XABI B. | CD Lugo B | 4 |
| MOREDA | RC Villalbés | 4 |
| PABLO C. | Viveiro CF | 4 |
| JORGE | Viveiro CF | 4 |
| BORJA | Viveiro CF | 4 |
| SERGI | Calasancio | 3 |
| JORDI | Calasancio | 3 |
| PABLO | Calasancio | 3 |
| GABARRE | CD Lugo | 3 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 3 |
| JUAN C. | CD Lugo B | 3 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 3 |
| CONDE | Residencia | 3 |
| REIGOSA | Residencia | 3 |
| MACLY | Viveiro CF | 3 |

### Regularidade — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ANXO | CD Lugo B | 22 |
| XABI B. | Viveiro CF | 21 |
| MACLY | Viveiro CF | 16 |
| JUAN | Viveiro CF | 16 |
| XOEL EIJO | Calasancio | 15 |
| ANDRÉS | Residencia | 14 |
| GARCÍA | Calasancio | 14 |
| JORGE | RC Villalbés | 12 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 12 |
| NOEL | Viveiro CF | 12 |
| JAIRO | CD Lugo B | 12 |
| PORTO | Calasancio | 11 |
| ABEL | Calasancio | 10 |
| ÁLEX | Calasancio | 10 |
| IAGO | CD Lugo B | 9 |
| RUBÉN | RC Villalbés | 9 |
| MOREDA | Calasancio | 9 |
| BRAIS | CD Lugo B | 8 |
| DANI A. | CD Lugo B | 8 |
| XABI D. | RC Villalbés | 8 |
| DAVID | Residencia | 8 |
| PABLO D. | Residencia | 8 |
| IVÁN | Residencia | 8 |
| FONSECA | Residencia | 8 |
| PEDRO | Viveiro CF | 8 |
| YAGO | Viveiro CF | 8 |
| BORJA | Residencia | 8 |

### 1. Pichichi — CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| BRIAN | CD Lugo | 12 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 11 |
| LUIS | Viveiro CF | 11 |
| PÉREZ | CD Lugo | 6 |
| MANU | CD Lugo | 5 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 5 |
| TRASI | Viveiro CF | 5 |
| SAMUEL | CD Lugo | 4 |
| BORJA | CD Lugo B | 4 |
| CADRA | RC Villalbés | 4 |
| IAGO GESTO | RC Villalbés | 4 |
| RAÚL L. | RC Villalbés | 4 |
| DIEGO C. | SCD Milagrosa | 4 |
| CASTRÍN | CD Lugo | 3 |
| NODAR | CD Lugo B | 3 |
| GABI | RC Villalbés | 3 |
| DENÍS | SCD Milagrosa | 3 |
| BORJA | CD Lugo | 2 |
| ASIER | CD Lugo | 2 |
| MICHI | CD Lugo | 2 |
| GABRI | CD Lugo B | 2 |
| FREIRE | CD Lugo B | 2 |
| LEO | CD Lugo B | 2 |
| MICHI | CD Lugo B | 2 |
| DIEGO | RC Villalbés | 2 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 2 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 2 |

### Regularidade — CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| LUIS | Viveiro CF | 26 |
| MIGUEL | SCD Milagrosa | 21 |
| CADRA | RC Villalbés | 19 |
| TRASI | Viveiro CF | 19 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 16 |
| BOIXET | Viveiro CF | 16 |
| CABADO | RC Villalbés | 15 |
| PAJÓN | SCD Milagrosa | 15 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 13 |
| DANI | RC Villalbés | 13 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 12 |
| ALEJANDRO | Viveiro CF | 12 |
| MANEL | CD Lugo B | 10 |
| GABI | RC Villalbés | 10 |
| XOEL IRIMIA | CD Lugo B | 9 |
| DENIS | SCD Milagrosa | 9 |
| NOVO | Viveiro CF | 9 |
| NOEL T. | RC Villalbés | 8 |
| BRAIS | SCD Milagrosa | 8 |
| RAÚL | SCD Milagrosa | 8 |
| ÁLEX | Viveiro CF | 7 |
| BORJA | CD Lugo B | 6 |
| IAGO G. | RC Villalbés | 6 |
| CABARCOS | SCD Milagrosa | 6 |
| ROBERT | SCD Milagrosa | 6 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 6 |
| PABLO | Viveiro CF | 5 |

### 1. Pichichi — INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo | 12 |
| NACHO | Calasancio | 6 |
| MOHA | CD Lugo | 6 |
| PÉREZ | CD Lugo | 6 |
| DANI | CD Lugo | 4 |
| CEREIJO | Calasancio | 3 |
| DÍAZ | Calasancio | 3 |
| MARCO | CD Lugo | 3 |
| ALONSO | Residencia | 3 |
| YOUNESS | Calasancio | 2 |
| BUIDE | CD Lugo | 2 |
| ANTÓN | CD Lugo | 2 |
| ERIC | Residencia | 2 |
| JAVI | Calasancio | 1 |
| MARIÑO | Calasancio | 1 |
| IKER | CD Lugo | 1 |
| ROSÓN | CD Lugo | 1 |
| AHÍTO | Milagrosa | 1 |
| BRUNO | Milagrosa | 1 |
| HUGO | Milagrosa | 1 |
| RAÚL | Milagrosa | 1 |
| JULIO | Residencia | 1 |
| SAÚL | Residencia | 1 |
| NICO F. | Residencia | 1 |
| MANU | Residencia | 1 |
| XAVI | Residencia | 1 |
| LEO | Milagrosa | 1 |

### Regularidade — INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CEREIJO | Calasancio | 22 |
| MARCOS | Milagrosa | 21 |
| ALVITE | Residencia | 17 |
| LEO | Milagrosa | 15 |
| BUIDE | CD Lugo | 14 |
| GONZALO | Milagrosa | 14 |
| HUGO | Milagrosa | 14 |
| MAEL | Residencia | 14 |
| HUGO P. | Residencia | 14 |
| TONI | Calasancio | 13 |
| MANU F. | CD Lugo | 12 |
| LAMÚS | Calasancio | 11 |
| ROSÓN | CD Lugo | 11 |
| NACHO | Calasancio | 10 |
| DÍAZ | Calasancio | 10 |
| MOHA | CD Lugo | 9 |
| BRAIS | Milagrosa | 9 |
| DAVID | Residencia | 9 |
| DENÍS | Calasancio | 8 |
| CARMEN | Calasancio | 8 |
| MARCO | CD Lugo | 7 |
| AMIN | CD Lugo | 7 |
| B. VASCO | Milagrosa | 7 |
| NICO S. | Residencia | 7 |
| IAGO | Calasancio | 6 |
| RAÚL | Residencia | 6 |

# O Rácing mira alto no 2019

## TRAS UN DISCRETO INICIO DE PARTIDO os de Cholas melloraron na segunda metade, na que asinaron unha nova vitoria coa que seguen tendo os primeiros postos a tiro


Jose despexando o balón en medio campo ante un rival

**RC VILLALBÉS 3 | 1 AREOSA**

**Goles:** Óscar (2) e Álex | **Goles:** Thiago




**Arbitro:** Jesús López, Alberto Blanco e Alejandro Luna **Campo:** Estadio Roca


Abel rematando a portería nunha ocasión racinguista

O Rácing Villalbés despediu o ano cunha vitoria e iniciouno do mesmo xeito, sumando tres puntos no Roca ante o Areosa cos que os de Cholas encaran o 2019 sen perder en ningún momento de vista os primeiros postos da Liga.

Unha vez máis as ausencias mermaron o potencial racinguista de inicio. Sen Noel nin Moreda, os referentes en defensa e en ataque, de novo foron varios os xogadores que deron un paso á fronte, especialmente Santi Real e Álex, liderando a zaga con Herrero como principal arma ofensiva.

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS | |
|---|---|
| SANTI R. | ●●● |
| ÁLEX | ●● |
| HERRERO | ● |

Ao Rácing custoulle meterse en dinámica de partido e o Areosa aproveitouno para facerse coas rendas do encontro nos primeiros minutos, nos que os visitantes dispuxeron das mellores ocasións para inaugurar o marcador.

> "Tras unha primera parte muy floja, en la segunda conseguimos ser mucho más competitivos" CHOLAS RC Villalbés

Ao descanso a mellor noticia para o Villalbés era o 0-0 inicial que reflectía o marcador, mentres que na segunda parte o guión cambiou. O Rácing foi máis sólido e inaugurou o marcador cun penalti sobre Herrero que transformou Óscar. Pouco despois volveu empatar o Areosa, pero de novo Óscar, tamén desde os once metros, fixo o 2-1 antes de que Álex sentenciase o partido co 3-1 final nos últimos minutos de xogo nos que o Rácing asinou o noveno triunfo do curso.


Herrero, co balón, entre catro xogadores do Areosa

# O alumno impúxose ao mestre e o Choco levouse o botín da Reigosa


Rubén protexendo o balón ante un xogador visitante


Vila e Rivas presionando a un rival ante a mirada de Emilio

## O LUCENSE ALBERTO SÚAREZ, adestrador do Choco, foi xogador de Mourelos na súa etapa como albivermello

**CD LUGO B 1 | 2 CHOCO**

**Gole:** Juan Carlos | **Goles:** David (2)




**Arbitro:** Iván Abel, Fernando Díaz e Miguel Pin **Campo:** A Reigosa, Friol, Lugo

Non hai peor cuña que a da propia madeira, adóitase dicir, e Alberto Súarez, ex xogador do CD Lugo, e ata baixo as ordes de Mourelos, fixo certo o devandito.

O técnico lucense do Choco gañoulle a partida a Mourelos nos banquiños, e con iso levouse os tres puntos, que os manteñen na loita polo ascenso, mentres que deixan ao Lugo B nos postos baixos nos que xa empezan os resultados estraños, como a vitoria do Orillamar ante o Deportivo B esta xornada. A Liga ponse costa arriba para un Lugo B que ten un mes de xaneiro complicado polo calendario nas próximas xornadas.

> "Non vai ser doado, pero todo é máis fácil cando todos sumamos" CASTRO CD Lugo B

Ante o Choco os lucenses tiveron opcións de puntuar ata o asubío final, pero o rival foi mellor. Xa nos primeiros minutos deu mostras do seu perigo con balóns ao espazo e un goteo de ocasións claras coas que metían o medo no corpo ao Lugo B.

O cero a un chegou no ecuador da primeira parte nunha destas accións nas que o Choco explotou a súa velocidade con espazos.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| ANDER | ●● |
| EMILIO | ●● |
| DAMIÁN | ● |

Juan Carlos recuperou o pulso para un Lugo B que chegou con empate ao descanso tras rematar o sarriao un saque de esquina de cabeza.

Na segunda parte o Lugo B mellorou e Yago, cun remate ao longueiro, Damián cunha chegada desde segunda liña, e un par de disparos perigosos de Emilio fixeron soñar co dous a un. Con todo, a pegada correu a cargo do Choco, que cunha falta lateral asinou o 1-2 co que se levou todo o botín en xogo.


Adri, un dos mellores, asinou o momentáneo dous a un


Veloso volveu acudir á súa cita co gol no empate a tres


Javi Reigosa, o motor do equipo no mediocampo

# Puntazo de partida na Cheda

## A RESIDENCIA ESTREOU A CONTA DE PUNTOS ESTA TEMPADA NA CASA

tras rabuñar un merecido empate ante o líder da Liga Galega xuvenil, o Lalín

**SDC RESIDENCIA 3 – 3 LALÍN**

**Gol:** Bata, Veloso e Adri. **Goles:** Adrián, Eloy e Daniel




**Arbitro:** Jesús Adan, Brais García e Boutzakate Abdelouadoud **Campo:** A Cheda

### "Esto tiene que ser un punto de inflexión. Este es el camino que tenemos que seguir"
DANI GALÁN SDC RESIDENCIA

Ano novo, dinámica nova; iso é o que quere implantar a Residencia tras estrear unha conta de puntos que se fixo de rogar en exceso na Cheda esta tempada.

Dani Galán traballou ao longo do parón de Nadal para cambiar os últimos guións do equipo en casa, e para iso suscitou ante o líder da Liga, o Lalín, un encontro marcado polo sistema táctico, reforzando a zaga con tres centrais e dando liberdade a Conde e Veloso no mediocampo.

O bo xogo durante moitas fases dos partidos non se vía reflectido no marcador polas facilidades defensivas, de aí ao cambio de sistema. Con todo, a melloría chegou no aspecto psicolóxico xa que ata a data a Residencia acusaba moito os contratempos que tiña ao longo dun partido, especialmente ao encaixar gol. O Lalín adiantouse no marcador, pero nesta ocasión a Residencia non se descompuxo.

Aos vinte minutos chegou o 0-1, pero acto seguido Bata empatou á saída dun córner, mentres que Adri, ao rematar unha falta lateral, fixo o momentáneo 2-1. Antes do descanso o Lalín tirou de galóns para empatar de novo e deixar o marcador en empate a dous.

Na segunda parte o Lalín apertou e volveuse adiantar, pero cando peor pintaban as cousas a Residencia tirou de orgullo e un centro medido de Pedro rematouno Veloso ao fondo das mallas para facer o tres a tres final.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| REIGOSA | ①①① |
| CONDE | ①① |
| ADRI | ① |

# Unha versión moi fiable do Calasancio

**CALASANCIO 3 – 0 VILA DO CORPUS**




**Goles:** Pablo, Jorge e Carballo.

**Arbitro:** Saúl López Parga

### "Hai que seguir traballando e adestrando xuntos como un equipo para seguir dando pasos á fronte"
RUBÉN NÚÑEZ Calasancio

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| JUAN | ①①① |
| JORGE | ①① |
| CARBALLO | ① |

O Calasancio fixo os deberes no parón de Nadal e con iso os de Rubén Núñez aprobaron con nota o primeiro exame do 2019.

Os monfortinos recibiron ao Vila de Corpus no Álex Blanco, onde o Calasancio tivo boas sensacións desde os primeiros minutos grazas a unha efectiva presión e claridade de ideas co balón no seu poder para chegar con certa facilidade a zonas de perigo.

Con control total do encontro aos locais faltáballes un pouco de calma no último pase para plasmalo nun marcador no que se mantivo o cero a cero inicial ata a media hora de partido, cando a insistencia monfortina tivo a súa recompensa nunha acción con certa fortuna.

Un mal pase de Andrés para Juan terminou coa relaxación dun defensa visitante, e Jorge apareceu por sorpresa para plantarse só ante o porteiro do Vila de Corpus e batelo no man a man.

Antes do descanso o Calasancio puxo terra polo medio no marcador co dous a cero que asinou Pablo tras facerse cun balón solto na área rival tras un saque de esquina.

Xa na segunda parte o Vila de Corpus tratou de meterse no partido cunha boa posta en escena, pero co tres a cero de Juan ao transformar un penalti, o encontro quedou completamente visto para sentenza.

# Déjà Vu celeste tras un parón ligueiro

**BERGANTIÑOS 4 – 0 VIVEIRO CF**




**Goles:** Pablo, Diego, Mateo e Javier.

**Arbitro:** Alberto Baña Tajes

### "Toca hacer borrón y cuenta nueva tras este encuentro en el que no estuvimos nada bien"
ANTONIO S. Viveiro CF

**1**

**DEBUT** David Ben regresou ao Viveiro tras disputar a primeira volta desta tempada na Liga Nacional co Calasanz da Coruña

O Viveiro despediu o 2018 con catro vitorias seguidas, pero unha vez máis, os paróns son malos conselleiros para os celestes.

Nesta ocasión, tralas festas de Nadal ao Viveiro tocoulle viaxar a Carballo, onde os de Antonio Serrano empezaron o partido sen a tensión necesaria, e cando se quixeron dar conta de que o partido ía en serio xa tiñan que remar contracorrente no marcador.

De inicio o Viveiro xuntou peloteros no medio campo coa intención de ter a posesión. Con todo, a maior intensidade local propiciou que os celestes apenas tivesen presenza co esférico e sufrisen moito a balón parado.

O un a cero non se fixo de rogar e asinouno o Bergantiños ao transformar un penalti aos sete minutos de xogo, mentres que o dous a cero chegou antes do cuarto de hora inicial. Sen chegar a atopar o seu sitio no campo o tres a cero fixo moito dano ao Viveiro, xa que chegou nunha das últimas accións da primeira parte.

Antonio Serrano intentou reactivar ao seu equipo con tres cambios de saída na segunda parte, pero co catro a cero á hora de partido o encontro quedou completamente sentenciado de cara á media hora final.


Asier, autor do 4-3 final, desbordando a un rival


Rosón, que asinou o 2-3, regateando a un rival


Michi, que iniciou a remontada co 1-3 nun lance pola banda

**CD LUGO** 4 | 3 **R. FERROL**

**Goles:** Michi, Rosón, Samu e Asier.

**Goles:** Juan, Isaac e outro en propia porta.




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, Tania Fente e Ismael Martínez **Campo:** Rodríguez Lago 1.

# O Lugo remontou apelando á heroica

**VITORIA AO GRANDE DO LUGO** Tras sobrepoñerse a un mal inicio de partido, os de Martín Murado asinaron catro goles


A piña dos xogadores alvibermellos tralo 4-3 de Asier

Épica remontada do Lugo nas Gándaras ante o Rácing de Ferrol nun partido no que os de Martín Murado apelaron á heroica e gañaron o encontro.

Nada máis empezar, aos dous minutos chegou o cero a un co que o Lugo entrou nun mar de dúbidas que se converteu en tempestade co cero a dous e o cero a tres cando apenas se disputaran vinte minutos da primeira parte.

Con todo, cando peor pintaban as cousas para os lucenses, o Lugo tirou de casta.

Michi, o mellor xogador do encontro, abriu o camiño da remontada ao aproveitar un rexeite na área. Michi empezou de extremo, pasou ao lateral e terminou salvando contras perigosas dos ferroláns como central nunha defensa de tres suscitada por Murado na segunda parte.

Antes do descanso Rosón confirmou que o Lugo aínda tiña vida neste encontro ao recortar distancias tras aproveitar unha indecisión do porteiro nunha acción de pícaro coa que comprimiu o marcador ata o dous a tres co que finalizou a primeira parte.

> **"O equipo creeu na vitoria a pesar do mal inicio de partido e tivo recompensa"**
>
> MARTÍN MURADO CD Lugo

Xa na segunda parte o Lugo foise con todo a pola remontada. Manu e Castrín entraron á vez e o Lugo pasou a un 3-4-3, ambicioso pero perigoso ante as contras dos ferroláns.

A aposta saíu á perfección, xa que Samu empatou a tres cun lanzamento de falta directa e na recta final, tras varias ocasións moi claras nas que o balón negouse a entrar, o éxtasis chegou co gol de Asier no último minuto que supuxo o 4-3 final.

# A Milagrosa dá vida a un rival directo

**OS DE MADRILES CEDERON NUN DUELO DIRECTO** ante o Victoria B, nun partido no que tan só foron superados pola contundencia en ambas áreas


Pajón, o mellor xogador do partido, co balón na primeira volta

Dura derrota da Milagrosa en Leyma ante un Victoria B, ao que os de Madriles podían deixar practicamente condeado ao descenso. Con todo, o dous a cero final incluso lles dá aos herculinos o golaverage particular tralo 0-0 da primeira volta.

A Milagrosa preparou a conciencia o encontro no parón de Nadal, e o certo é que deu os seus froitos sobre o terreo de xogo aínda que non se vise reflectido no marcador final. Dentro da igualdade que se viu, a Milagrosa sentiuse e foi lixeiramente superior, pero a contundencia en ambas áreas correu a cargo do Victoria B.

**VICTORIA B** 2 | 0 **MILAGROSA**

**Goles:** Jorge y Pablo




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, Jorge Escribano e Lucas Carreira **Campo:** Leyma, A Coruña

Aos cinco minutos Yago estrelou un disparo de falta no larguero, pero tan só dous minutos despois o conxunto herculino aproveitou unha perda de balón para inaugurar o marcador nun man a man ante Borja.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| PAJÓN | ⚽⚽⚽ |
| MIGUEL | ⚽⚽ |
| YAGO | ⚽ |

A Milagrosa asumiu o mando do partido a partir de aí, xerando perigo pero sen definir, sendo a ocasión máis clara na primeira parte un dobre remate de Raúl e Cabarcos desde dentro da área pequena.

> **"Errores puntuales nos penalizaron mucho en un partido en el que merecimos más"**
>
> MADRILES SDC Milagrosa

Tralo paso polos vestuarios viuse incluso unha mellor versión da Milagrosa. Yago e Rafa gañaban a liña de fondo, pero os seus centros paseábanse pola área sen atopar rematador. Co paso dos minutos a Milagrosa buscou o empate con máis corazón que cabeza ante un Victoria B que renunciou ao ataque e centrouse en defender a renda ata que asestou un golpe definitivo co 2-0 a falta de tres minutos, cun disparo desde fóra da área que se coou por toda a escuadra.

# O Rácing aviva o soño

## TRAS IMPOÑERSE AO SAN TIRSO os de Simón Lamas afrontan a segunda volta a tres puntos dos postos de ascenso á División de Honra

**SAN TIRSO** 1 | 2 **RC VILLALBÉS**

**Goles:** Cancela | **Goles:** Gabi e Raúl López




**Arbitro:** Xabier Rodríguez, Ignacio Grobas e Brais Rodríguez **Campo:** O Monte, San Tirso

**3º**

**POSTO** do Rácing Villabés, a tres puntos do segundo é a única alternativa xa a discutirlle o ascenso a Bertamiráns e Oroso

> "A estratexia permitiu que nos adiantáramos no marcador, e o bo traballo na área propia gañar o partido" SIMÓN LAMAS Rácing Club Villalbés

O Rácing Villalbés empeza o ano e a segunda volta con todas as espadas alto. Os de Simón Lamas consolidánse como a única alternativa a discutirlle o ascenso a Bertamiráns en menor medida e ao Oroso, segundo clasificado, a tan só tres puntos dos chairegos.

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS | |
|---|---|
| CABADO | ⚽⚽⚽ |
| RAÚL C. | ⚽⚽ |
| PEDRO | ⚽ |

Ante o San Tirso o Villalbés volveu ser fiel a si mesmo. Explotou as accións a balón parado traballadas a conciencia por Make ao longo de todas as semanas e despois apelou á forza do grupo para manterse en pé ante o asedio local en busca do empate.

Nada máis empezar o partido, aos dous minutos, chegou o cero a un tras unha acción ensaiada cun saque de banda longo que peiteou Cadra e enviou ao fondo das mallas Gabri.

Sen tempo para a reacción do San Tirso, na segunda aproximación á área rival, esta vez tras un saque se esquina, Raúl López rematou de cabeza un lanzamento executado por Gabriel para asinar o cero a dous antes de que se cumprise o minuto cinco de xogo.



Raúl Cendan conduce o esférico nun disputado no Roca

A partir de aí o Rácing gustouse como aos chairegos máis lles gusta, sendo sólidos en defensa e contraatacando coas ideas claras coa única lagoa de non concretar algunha chegada para sentenciar o encontro.

O San Tirso reaccionou e meteuse na loita polos puntos ao recortar distancias na última xogada da primeira parte, tras unha contra de libro logo dun saque de esquina a favor do Rácing.

Nos segundos corenta minutos o San Tirso fixo un asedio sen derruba. Os locais monopolizaron o xogo, ainda que sen ocasións moi claras, excepto un disparo que se coaba por toda a escuadra ata que apareceu Pedro cunha parada espectacular para manter o un a dous ata o asubío final.

# O Viveiro caeu en Carballo cun gol no primeiro minuto de xogo

## SEN GOL. A partir do un a cero os de Luchi buscaron o empate pero non atoparon o camiño

**BERGANTIÑOS B** 1 | 0 **VIVEIRO CF**




**Goles:** Javier polo Bergantiños B

**Arbitro:** David Vázquez Lema

> "Un partido más que se nos escapa por no salir concentrados desde el primer minuto de juego" LUCHI Viverio CF

O Viveiro cedeu os tres puntos en Carballo tras encaixar o único gol do encontro no primeiro minuto de xogo. Nada máis sacar de centro, un balón longo serviu de antesala para o gol que desnivelou o marcador final.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| ALEJANDRO | ⚽⚽⚽ |
| NOVO | ⚽⚽ |
| BOIXET | ⚽ |

A partir de aí, ao Viveiro custoulle meterse no encontro, pero o dominio local ao dominar as segundas xogadas apenas tivo transcendencia ante a portería defendida por Egoitz. Co paso dos minutos o Viveiro foi crecendo, pero sería na segunda parte cando os de Luchi deran un paso á fronte, imprimíndolle unha marcha máis ao partido para facerse co mando.

Os celestes intentárono de todas as formas posibles, con chegadas por banda e polo centro, pero sen pegada nos metros finais para traducir as aproximacións en ocasións claras de gol.

Ao final, o Viveiro foise de Carballo coa sensación de deixar escapar como mínimo un empate que a estas alturas da tempada, e sobre todo fóra de casa, empeza a valer o seu peso en ouro.

# Punto a punto faise camiño

## O LUGO B segue afastándose dos postos de descenso

**ESTRADA** 0 | 0 **CD LUGO B**




**Arbitro:** Nicolás Elespe, Anxo Botana e Felix López

**Campo:** Municipal Manuel Regueiro, A Estrada

> "Temos catro adestramentos importantes e un partido por diante" SEOANE CD Lugo

A falta de vitorias e de sumar de tres en tres o Lugo B segue poñendo distancia cos postos de descenso tras empatar na Estrada, nun partido que terminou co cero a cero inicial pese a que os dous equipos, sobre todo o Lugo B na primeira parte, dispuxeron de claras ocasións de gol.

O encontro tivo dous partes moi diferenciadas. Nos primeiros corenta minutos os de Seoane foron mellores, cunha boa circulación de balón que propiciou un goteo de ocasións, sendo as máis claras un man a man de Leo que finalizou cunha vaselina que sacou un defensa sobre a liña de gol, un remate de Manel tras centro de Mateo e outro man a man de Gabri no que un defensa local gañoulle a partida. Todo iso entre chegadas por banda por medio de Mateo e Nodar.

Polo seu lado, o Estrada tan só tivo unha chegada con perigo a raíz dunha das poucas perdas de balón dos lucenses na saida de balón.



Xoel Irimia medíndose cun rival tras un balón dividido

Xa na segunda parte o Lugo B perdeu un pouco o control dun encontro que entrou nunha fase de ida e volta coa que o Estrada atopouse máis cómodo.

Jacobo foi o soporte do Lugo B cun par de intervencións de moito mérito coas que evitou o gol local, mentres que de novo Gabri, nunha acción na que foi derrubado sen que o árbitro sinalase falta cando encaraba ao porteiro local, e Leo foron os máis activos en busca de romper un cero a cero que se mantivo ata o asubío final. Na próxima xornada o Lugo B recibe ao Victoria B nun partido clave para encarar o resto da tempada.

# Os cimentos están sólidos

**O LUGO DEBUTOU NA SEGUNDA FASE,** na que se medirá aos mellores equipos de Galicia tirando de solvencia e seriedade. A partir de aí, os de Galán queren tamén ser protagonistas

**SANTA MARIÑA 0 | 0 CD LUGO**




**Arbitro:** Iván Mlosquera, Carlos Sousa, David Caride **Campo:** Cotogrande 2

## "Un encuentro serio de todo el equipo para empezar bien esta segunda fase" DANI GALÁN CD Lugo

Bo debut do Lugo na segunda fase da Liga Galega infantil, na que os de Dani Galán cítanse cos mellores equipos galegos co título autonómico en xogo. O precedente ante o Santa Mariña dista da pasada tempada, tamén na segunda fase, e naquela ocasión o Lugo cedeu por un claro e contundente oito a cero.

Nesta as cousas foron moi distintas, e só as impresionantes intervencións do porteiro local ao longo dos oitenta minutos de xogo evitaron que un Lugo moi sólido non se trouxese os tres puntos de volta.

Desde o inicio as formulacións quedaron claro. O Santa Mariña cedeulle a iniciativa no xogo ao Lugo e os de Dani Galán aceptaron o reto con gusto.

Dani Pérez xerou as primeiras ocasións gañando a liña de fondo ao superar á súa marca pola banda esquerda, pero o gardameta local empezou a demostrar a súa calidade para manter o cero a cero no marcador. Co paso dos minutos o Santa Mariña igualou as forzas ao impoñer o seu físico en segundas xogadas, pero sen chegar a ter ocasións claras de gol ante Nacho.

**OS MELLORES**

| CD LUGO | |
|---|---|
| ROSÓN | 3 |
| BUIDE | 2 |
| AMÍN | 1 |

No descanso o Lugo recuperou forzas e foi claramente superior nos segundos corenta minutos, nos que os cambios déronlle un plus ao equipo. Con todo, pese a xerar ocasións moi claras, o porteiro local converteuse no heroe do encontro e propiciou o reparto de puntos final nun partido no que os lucenses demostraron que van ser moi competitivos nesta segunda fase.

Na próxima xornada visita As Gándaras o Choco, que vén de empatar a un co Val Miñor en Redondela.

**1 PUNTO** A diferenza do que sucede nos grupos pola permanencia, neste polo título galego, todos os equipos comezan co marcador a cero en igualdade de condicións



Dani Pérez encarando a un xogador rival nun partido da primeira fase nas Gándaras



# Seis minutos fatídicos en Frigsa

**A MILAGROSA,** que chegou ao descanso con empate a un, encaixou catro goles entre o 62 e 68 de partido

**SDC MILAGROSA 1 | 6 CALASANZ**

**Goles:** Leo.

**Goles:** Álex (2), Rodríguez, Álvaro (2) e Miguel polo Calasanz.




**Arbitro:** David Liz, Diego Rodríguez e Carlos Casas **Campo:** Luis López Gorgoso

## "La jugada del 1-2 marcó el encuentro, pero estoy satisfecho por el esfuerzo de los jugadores"

MADRILES SDC Milagrosa

**4**

**GOLES** en seis minutos de apagón total dos de Madriles na segunda metade ante o Calasanz


Leo, o mellor xogador do partido e autor do empate a un, ante un rival


Ahíto medíndose en carreira cun xogador herculino ante Leo e Bruno


Gonzalo entre dous defensas herculinos loitando polo balón

Máis tarde ou máis cedo a Milagrosa terá recompensa ao seu esforzo na Liga Galega infantil. Os de Madriles caeron por un avultado un a seis ante o Calasanz en Frigsa no debut na segunda fase da competición, pero o marcador dista moito do que se viu sobre o terreo de xogo, sobre todo na primeira parte.

Coa orde defensiva por bandeira nos primeiros minutos a Milagrosa mantivo lonxe da súa área ao Calasanz, pero ao fío do ecuador da primeira parte os herculinos atopáronse co cero a un tras unha serie de rebotes dentro da área defendida por Pablo. Lonxe de virse abaixo a Milagrosa confiou no traballo que estaban facendo e antes do descanso Leo devolveu as táboas ao marcador tras facerse cun balón na área logo dunha falta lateral na que regateou ao porteiro visitante para marcar a pracer o un a un.

A mesma tónica de partido, con igualdade, mantívose ao comezo da segunda parte ata que chegou a acción que cambiaría o rumbo do partido. Aos dez minutos do segundo tempo o Calasanz aproveitou un dos poucos erros de concentración que tivo a Milagrosa ata ese momento, xa que tras unha falta a favor, sacada en curto defectuosamente, o Calasanz montou unha contra letal que supuxo o un a dous.

**OS MELLORES**

**MILAGROSA**
- LEO
- RAÚL
- MARCOS

A Milagrosa quedou noqueada e os herculinos déronse conta diso, cheiraron o sangue e foron con descaro a pola sentenza, asinando catro goles en apenas seis minutos nos que a Milagrosa foise por completo do encontro.

Na próxima xornada a Mila visita a un San Tirso que, pese a perder con contundencia ante o Imperátor, suma 13 puntos tralos 26 conseguidos nunha primeira fase na que xa se impuxeran na xornada inaugural á Milagrosa por catro goles a cero, nun encontro disputado tamén en San Tirso.

# O marcador final foi moi cruel co Calasancio

**GRAN PARTIDO** dos monfortinos ante un Bouzas cunha pegada descomunal

**R. BOUZAS 4 | 0 CALASANCIO**




**Goles:** Pablo, Hugo, Roi e André.

## "Resultado muy injusto. Ánimo a todos, toca seguir adelante"

MANU RGUEZ Calasancio

**A SARRIANA** remontou o gol inicial do Lugo e adiantouse ata en dúas ocasións, pero non foi quen de rematar un encontro que os albivermellos empataron nos minutos finais

| SARRIANA 3 | CD LUGO B 3 |
|---|---|
| Mauro | Iago |
| Tourón | Pepe |
| Nacho | Álex |
| Pablo No | Anxo |
| Adan | Raúl |
| Saúl F. | Bruno |
| Carlos | Román |
| Adri | Xoel |
| Rubén | Dani |
| Nico | André |
| Adrián | Omar |
| Álex | Jorge |
| Fran | Villa |
| Xoel | Jose |
| Manel | Simón |
| Pablo Vilar | |

**Goles:** Adri e Rubén (2) para a Sarriana. Jose (2) e André polo Lugo.

**Arbitro:** Óscar Cabañas López

Primeiro tropezo da Sarriana no Provincial e segundo empate consecutivo para o CD Lugo B, que vai atopando mellores sensacións.

Na Ribela os de Antón colleron pronto o mando do partido a través da posesión e así, no minuto quince André facía o 0-1 ao aproveitar un mal despexe dos locais tras unha xogada á contra. A Sarriana reaccionou, e pouco despois Rubén devolvía as táboas ao marcador tras unha xogada de Carlos por banda. Antes do descanso Adri facía o momentaneo 2-1 nunha xogada á contra.

O Lugo saíu con máis ganas tralo descanso e Jose igualaba de novo a contenda cunha xogada persoal que culminaba cun gran disparo, pero da mesma maneira Rubén devolvía o golpe con outra acción individual.

O Lugo non se rendeu e foise con todo a polo empate. Así, Jose culminaba unha contra levada por Omar a dez minutos para o final, tempo no que ambos xogadores albivermellos tiveron ocasións para obrar a remontada, pero o marcador xa non se movería. Na próxima xornada os de Raúl visitan ao líder, Ribadeo, no Pepe Barrera. O Lugo buscará a súa primeira vitoria no Provincial na casa, fronte ao Becerreá.

**"Mal partido pola nosa parte, hay que seguir traballando e disputando os encontros da mellor forma posible"** RAÚL Sarriana

**"Debemos mejorar aspectos defensivos, sobre todo en las transiciones, para tener más control y opciones en este competición"** ANTÓN MÉNDEZ CD Lugo B

# Triunfo no último suspiro

**O RIBADEO,** novo líder da categoría, levouse a vitoria pola mínima no Rodríguez Lago grazas a un gol de Roi a falta de dous minutos para o asubío final

| SAGRADO CORAZÓN | 1 | 2 | SD RIBADEO |
|---|---|---|---|
| Gol: Jarno | | | Goles: Roi e Migui |




**Arbitro:** Jorge Estraviz Cerdeira **Campo:** Rodríguez Lago 2

**"Perdimos tres puntos, pero cumplimos dos de los tres objetivos grupales, que ya es un éxito, por eso felicito a los jugadores"** ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón

**"Volta do Nadal, relaxación, algo espesos en ataque e ao final gañamos sobre a campana e por non saber sentenciar o partido puidemos incluso perder"** MORO SD Ribadeo

**10**

**PUNTOS DO RIBADEO** Tras esta vitoria os de Moro toman o mando da clasificación con 3 triunfos e un empate nas catro primeiras xornadas disputadas no Provincial infantil

**1º**

**POSTO EN XOGO** Na próxima xornada o Ribadeo recibe á Sarriana nun duelo entre os dous únicos equipos invictos neste Provincial polo que tamén estará en xogo o liderado

O Ribadeo sobe ao primeiro posto da táboa clasificatoria do Provincial infantil grazas á súa vitoria pola mínima fronte ao Sagrado Corazón no Rodríguez Lago e ao tropezo do Villalbés fronte á SD Burela. Os de Moro fixéronse cos tres puntos nun encontro que puido caer para calquer lado nos minutos finais.

Os mariñaos comezaron dominando e superando con facilidade a presión local, aínda que á hora de finalizar non estaban de todo atinados ou atopábanse con Alan, moi seguro baixo paus durante todo o encontro. O Sagrado, pola súa banda, buscaba a súa oportunidade á contra, pero tampouco eran quen de finalizar xogadas con claridade.

Así, o único gol da primeira parte foi obra de Migui, que tras unha boa xogada persoal facía o 0-1 e adiantaba ao Ribadeo, resultado co que se chegaba ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios o encontro igualouse e o Sagrado levou por momentos o peso do encontro, sobre todo cando atopaban a Basadre na punta de ataque. Así, o punta branquiazul provocou un penalti que Jarno transformaría para devolver as táboas ao marcador.

Con quince minutos aínda por diante o encontro puido caer para calquer lado, pero o Ribadeo buscouno con máis intención e, a falta de dous minutos para o final Roi, tras unha xogada persoal nunha contra, facía o definitivo 1-2 que daba os tres puntos e o liderado do Provincial infantil ao Ribadeo.

**OS MELLORES**

| SAGRADO C. | | SD RIBADEO | |
|---|---|---|---|
| ALAN | 3 | ROI | 3 |
| JARNO | 2 | DAVID | 2 |
| BASADRE | 1 | SERGIO | 1 |


O mariñao Migui nunha xogada de ataque ante Rodri


Antón co esférico ante a chegada de Manu, do Sagrado


Isma a piques de realizar un centro ante Sergio

# A efectividade púxoa a Residencia

**O CONXUNTO BRANQUIAZUL** sumou fronte ao Becerreá a súa primeira vitoria no Provincial tras un partido no que a falta de acerto condeou aos de Nico Longhini

| BECERREÁ | 1 | RESIDENCIA B | 2 |
|---|---|---|---|
| Antón | | Nico | 3 |
| Martín | | Xabi | 1 |
| Claudio | | Noel | |
| Sergio | 2 | Moste | |
| Candela | | Anxo | |
| Alejo | | Dono | |
| Adrián | | Óscar | |
| Andrés | 1 | Jorge | |
| Deivid | 3 | Pedro | |
| Dorado | | Unai | |
| Babiac | | Santi V. | 2 |
| Diego | | Aarón | |
| Álvarez | | | |
| Carlitos | | | |
| Dani | | | |
| Javi | | | |

**Goles:** Javi para o Becerreá. Unai e Santi Vélez para a Residencia B.

**Arbitro:** Antonio M. García Conde

Importante triunfo dos de Adrián Suárez para comezar o ano con bo pé. Os branquiazuis sumaban só un punto nas tres primeiras xornadas e conseguiron o primeiro triunfo no Provincial en Becerreá fronte ao conxunto de Nico Longhini.

Os locais, que acusaron un pouco a baixa de Carlos, dominaron ao longo de practicamente todo o encontro, pero a falta de acerto cara a portería, a seguridade de Nico baixo paus e a efectividade da Residencia foron clave para o devir do partido.

Mediada a primeira parte adiantáronse os branquiazuis por medio de Unai, que culminaba unha xogada á contra. Pero o Becerreá conseguía igualar de novo o encontro pouco antes do descanso, ao loitar Javi un balón longo e finalizar o man a man.

Na segunda metade sucedéronse as ocasións locais, sobre todo nas botas de Deivid e Javi, pero a falta de puntería aproveitouna a Resi á contra, co definitivo 1-2 que facía Santi Vélez para dar a vitoria ao conxunto branquiazul, que a vindeira fin de semana ten a súa xornada de descanso. O Becerreá enfrontarase ao Lugo B no Rodríguez Lago.

**"Lo normal en este partido hubiese sido que nos quedásemos nosotros con los tres puntos en juego"** NICO LONGHINI Becerreá

**"Partido muy disputado a lo largo de los ochenta minutos en los cuales supimos hacer muy bien las ayudas defensivas"** ADRIÁN SUÁREZ Residencia B

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL Promoción Ascenso

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| RC Villalbés – Burela SD | 3-4 |
| Sarriana – CD Lugo B | 3-3 |
| Sagrado A – Ribadeo | 1-2 |
| Becerreá – Residencia B | 1-2 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 10 | 4 | 3 | 1 | 0 | 10 | 3 |
| RC VILLALBÉS A | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 19 | 6 |
| SD SARRIANA | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 | 10 | 7 |
| BURELA SD | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 | 9 | 9 |
| SD RESIDENCIA B | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 7 | 18 |
| SAGRADO C. | 3 | 4 | 0 | 3 | 1 | 10 | 11 |
| SD VIVEIRO | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 7 | 11 |
| CD LUGO B | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 9 | 14 |
| SD BECERREÁ | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 | 6 | 8 |

PRÓXIMA XORNADA

SD Viviero - Villalbés A · SD Ribadeo - Sarriana
Burela SD - Sagrado A · CD Lugo B - Becerreá

### INFANTIL Play-Off

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín A – Castro | 3-0 |
| Antas – Foz | 2-5 |
| Ferroviaria – Piringalla A | 0-4 |
| Lourenzá – Palas | 6-0 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LOURENZÁ | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 29 | 0 |
| POLVORÍN A | 10 | 4 | 3 | 1 | 0 | 12 | 3 |
| PIRINGALLA A | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 15 | 7 |
| CD FOZ | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 14 | 12 |
| PALAS | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 | 5 | 9 |
| CD CASTRO | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 4 | 14 |
| FERROVIARIA | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 0 | 12 |
| ANTAS | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 6 | 28 |

PRÓXIMA XORNADA

Polvorín - Antas · Piringalla A - Lourenzá
Foz - Ferroviaria · Castro - Palas

### INFANTIL Torneo Delegación

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Corgo – RC Villalbés B | 0-3 |
| Piringalla B – Sagrado B | 1-1 |
| Casás – Viveiro CF | 8-2 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CASÁS | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 17 | 4 |
| RC VILLALBÉS B | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 15 | 4 |
| SAGRADO B | 5 | 4 | 1 | 2 | 1 | 12 | 11 |
| CORGO | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 8 | 22 |
| PIRINGALLA B | 2 | 3 | 0 | 2 | 1 | 3 | 4 |
| AT. ABUÍN | 2 | 3 | 0 | 2 | 1 | 5 | 7 |
| VIVEIRO CF | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 9 | 17 |

PRÓXIMA XORNADA

Abuín - Corgo · Sagrado B - Casás
Villalbés B - Piringalla B

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

## Lourenzá segue líder nos Play Off e o Casás toma o mando no Torneo Delegación

O conxunto mariñao suma a cuarta vitoria noutros tantos encontros, esta última fronte o Palas, na primeira xornada deste 2019 na que tamén gañaron o Polvorín, segundo clasificado, Foz e Piringalla.

No Torneo Delegación Casás sobe ao primeiro posto que ocupaba ata agora o Villalbés B. Ambos equipos contan por vitorias os seus encontros, pero os capitalinos teñen dous goles máis a favor ata o momento. No encontro entre Piringalla B e Sagrado B, reparto de puntos tralo 1-1 final. A vindeira xornada o Abuín xogará o seu primeiro encontro do ano na Cheda fronte ao Corgo.

## Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| SAMU | Ribadeo | 21 |
| DANI | Burela SD | 17 |
| ISMAEL | CD Foz | 17 |
| DAVID | Sagrado | 14 |
| HAMZA | Sarriana A | 14 |
| DHOMI | Polvorín A | 12 |
| MANOEL | Residencia A | 12 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 12 |
| ABUÍN | CD Foz | 11 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 10 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 9 |
| MANU | Castro | 9 |
| SERGIO | CD Foz | 9 |
| ISMA | Monterroso | 9 |
| SAMUEL | Polvorín A | 9 |
| MARTÍN | Residencia A | 9 |
| CANCIO | Residencia A | 9 |
| DEL VISO | Ribadeo | 8 |
| LUCAS | CD Foz | 7 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 7 |
| RIVEIRA | Castro | 6 |
| RAÚL | Monterroso | 6 |
| DAVID | Polvorín A | 6 |
| IVÁN M. | Ribadeo | 6 |
| MIGUEL G. | Ribadeo | 6 |
| ROI | Ribadeo | 6 |
| YONI | Sagrado | 6 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 5 |
| ADRIÁN | Burela SD | 5 |
| JOSE | CD Foz | 5 |
| IVÁN | Monterroso | 5 |
| MARCOS L. | Polvorín A | 5 |
| VICTOR | Residencia A | 5 |
| YOEL | Residencia A | 5 |
| GUILLE | Residencia A | 5 |
| SAMUEL | Sagrado | 5 |
| AYÁN | Sarriana A | 5 |

## Regularidade
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| DANI | Burela SD | 19 |
| CARLOS | CD Foz | 19 |
| ADRIÁN | Burela SD | 16 |
| ABUÍN | CD Foz | 15 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 14 |
| MANU | Castro | 13 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 12 |
| ANXO | Burela SD | 12 |
| ISMA | Monterroso | 12 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 12 |
| RICARDO | Sarriana A | 12 |
| MIGUEL | Castro | 11 |
| ÁLEX | CD Foz | 11 |
| JAVI PÉREZ | Ribadeo | 11 |
| DAVID | Sagrado | 11 |
| SAÚL | Sarriana A | 11 |
| CANCIO | Residencia A | 10 |
| GUILLE | Residencia A | 10 |
| ARCADIO | Castro | 9 |
| ÁLEX VV | Monterroso | 9 |
| GABI | Monterroso | 9 |
| JAVI | Polvorín A | 9 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 9 |
| MARCOS L. | Polvorín A | 9 |
| SAMUEL | Ribadeo | 9 |
| ROI | Ribadeo | 9 |
| AARÓN | Sagrado | 9 |
| ÁLVARO | CD Foz | 8 |
| SERGIO | CD Foz | 8 |
| JOSE | CD Foz | 8 |
| JORGE | Monterroso | 8 |
| NICO | Ribadeo | 8 |
| IÑAKI | Ribadeo | 8 |
| DIEGO | Ribadeo | 8 |
| SAMUEL | Sagrado | 8 |
| YONI | Sagrado | 8 |
| AYÁN | Sarriana A | 8 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 7 |



Nico, Conde, Javi, David e Dhomi celebrando un gol nun partido da primeira fase da temporada nas Gándaras

# O Polvorín ratifica o cartel de favorito

**TRAS VENCER AO RIBADEO,** que tamén ten no seu horizonte a loita pola dúas primieras prazas da clasificación

**RIBADEO 0 – 2 POLVORÍN**

**Goles:** Marcos Lombardero e Dhomi.




**Arbitro:** Jose Luis Rivera Arnau. **Campo:** Pepe Barrera.

**OS MELLORES**

| RIBADEO | | POLVORÍN | |
|---|---|---|---|
| ROI | ●●● | RAÚL | ●●● |
| BORJA | ●● | LUCAS | ●● |
| GUEDES | ● | LOMBARDERO | ● |

O Provincial cadete comezou cun prato forte, un enfrontamento entre dous campións zonais e candidatos ás prazas para xogar polo ascenso á Liga Galega.

O Polvorín saíu do Pepe Barrera reforzado tras impoñerse nun partido moi intenso e disputado no que, en momentos claves os amarelos souberon marcar os tempos.

Despois dun cuarto de hora inicial de tenteo, os amarelos fóronse adaptando ás dimensións do campo que aproveitaron para mover o balón de lado a lado ata atopar a mellor opción para profundizar. O intercambio de posicións entre Dhomi e Manu Couce foi chave para que os de Caballero se achegaran con máis perigo á meta defendida por Iñaki.

Con todo, o partido abriuse cun tanto de Marcos Lombardero nunha acción iniciada por Lucas cun pase espectacular sobre Dhomi, que puxo o balón na área desde a liña de fondo.

O 0-1 deulle ás ao Polvorín, que se acomodou

> **"Temos que estar máis pendentes dos detalles que deciden os partidos"** COTO Ribadeo

> **"Gran victoria ante un gran rival"** CABALLERO Polvorín

no campo, sen embargo o marcador non variaría na primeira metade.

Tras o paso polos vestiarios, o Ribadeo saíu ao campo con máis intensidade e tivo maior presenza ofensiva con Roi e Del Viso inquietando á defensa visitante.

Sen embargo, nos mellores minutos locais Raúl foi unha garantía na retagarda amarela e Dhomi completou o traballo cun segundo gol que deixaba o partido moi de cara para o equipo visitante.

# Pablo deulle lustre ao partido

**CON DOUS GRANDES GOLES** que puxeron a guinda á primeira vitoria do Foz, que comeza coa intención de "molestar" aos favoritos

| FOZ 4 | BURELA 1 |
|---|---|
| Álvaro | Lucas |
| Diego | Balseiro |
| Mateo | David Otero |
| Adan | Rafa |
| Carlos | Sergio |
| Riki | David Orosa |
| Jose ● | Hugo Soto |
| Sergio | Alexandre |
| Álex | Antonio |
| Pablo ●●● | Dani |
| Ismael ●● | Anxo |
| Manuel | Manu |
| | Álex |
| | Azael |

**Goles:** Jose, Sergio e Pablo (2) polo Foz e Dani polo Burela.

**Arbitro:** David Mëndez Moreda.

O Foz pode presumir de ser o primeiro líder do campionato provincial. A contundente vitoria sobre o Burela deixa aos de Burunda no máis alto da clasificación e con boas sensacións malia contar cunha baixa importante como a de Manu Abuín, recuperándose dunha intervención.

Os precedentes -un empate e unha vitoria pola mínima do Foz- predispoñían un partido máis igualado, pero os locais renderon ao cento por cento no primeiro partido do ano, dominando o balón e creando perigo con continuas chegadas á área. Sergio e Jose puxeron o 2-0 antes do descanso e, a volta dos vestiarios, Pablo pechou o encontro co 3-0 nunha gran acción individual. Dani fixo o 3-1 para o Burela pero Pablo respondeu con outro gran gol.

> **"Todo o equipo lle dedica a vitoria a Manu Abuín. Queremos velo axiña totalmente recuperado"** BURUNDA Foz

> **"Partido para analizar profundamente, sacar conclusions e aprender delas. Noraboa ao Foz pola vitoria"** RAMIRO CHAVES Burela

# A Resi volveu vencer ao Monterroso

Tras unha primeira parte igualada

| MONTERROSO 1 | RESIDENCIA 3 |
|---|---|
| Kevin | Álex |
| Álex VV | Jorge |
| Xes ●●● | Samu |
| Diego | Rubén ●● |
| Jorge | Brais G. |
| Artai | Javi |
| Raúl ●● | Cancio |
| Iván | Martín |
| Gabi ● | Brais L. |
| Manu | Lomba ●●● |
| Isma | Manoel |
| Martín R. | Víctor ● |
| Santi | Guille |
| Martín P. | Éric |
| Esteban | |

**Goles:** Santi polo Monterroso; Lomba e Guille pola Residencia.

**Arbitro:** Ismael Martínez Carregal.

O terceiro enfrontamento da temporada entre Residencia e Monterroso volveu rematar con vitoria branquiazul. Os de Adrián Vázquez continúan no camiño da imbatilidade que recorreron na primeira fase da temporada.

O partido foi sen embargo diferente do último choque entre eles, con maior superioridade branquiazul. Desta volta, na primeira metade as forzas estiveron equilibradas con 45 minutos de igualdade cun par de chegadas claras por cada equipo. Con máis acerto da Residencia, que conseguiu inaugurar o marcador e ir ao descanso con 0-1 no marcador.

Na segunda metade a balanza decantouse do lado visitante. Os branquiazuis, máis adaptados ás dimensións do campo anexo dos Cerdeiriños, crearon perigo desde o reinicio con chegadas claras. Axiña subiu ao marcador o 0-2, que deu paso a uns minutos nos que o Monterroso tratou de volver ao partido sen logralo. O encontro pechouse definitivamente co 0-3 antes de que Santi conseguise maquillar o resultado para os locais, que teñen por diante un esixente inicio. A vindeira semana terán enfronte outro campión zonal: o Polvorín. A Residencia recibe ao Sagrado Corazón na Cheda.

> **"A primeira parte é o camiño que debemos seguir"** ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

> **"Bo comezo da segunda fase con victoria. Temos que seguir nesta liña"** ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia A

# Vitoria local tras oitenta minutos de alternativas

## O SAGRADO CORAZÓN COMEZOU GAÑANDO, PERO TIVO QUE REMONTAR despois de que a Sarriana se puxese por diante co 1-2

**SAGRADO** 3 – 2 **SARRIANA**

**Goles:** Eder (2) e Samuel | **Goles:** Saúl e Hamza




**Arbitro:** Jose Luis Cabanas Parrado **Campo:** Manuel Rodriguez Lago-As Gándaras

> "En este partido hemos sido un equipo, esta es la línea a seguir en los próximos encuentros" BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón

> "A actitude pola semana vese sempre reflexada no campo" EDGAR REDONDO Sarriana

**OS MELLORES**

| SAGRADO | | SARRIANA | |
|---|---|---|---|
| EDER | 3 | RICHI | 3 |
| JONY | 2 | GALLEGO | 2 |
| SAMUEL | 1 | SAÚL | 1 |

A vitoria caeu do lado local despois dun partido de alternativas no que a incertidume se mantivo no marcador ata o asubío final.

Tras dez minutos de tenteo, con imprecisións dos dous equipos no debut no Provincial, ambos conxuntos foron asentándose no campo e poñendo as súas cartas boca arriba para un duelo inédito, xa que xogaron en ligas distintas a primeira fase da temporada.

O Sagrado Corazón intentou de levar a iniciativa co balón mentres a Sarriana buscaba as súas opcións en balóns ao espazo e en accións a balon parado.

Eder abriu o marcador para o equipo local e David tivo o 2-0 nun remate que se estrelou contra a madeira. A resposta da Sarriana foi o 1-1 de Saúl, que rematou de cabeza un saque de esquina.

Pouco despois, noutro córner, a Sarriana amagou con remontar o encontro.

Non o logrou antes do descanso, pero á volta dos vestiarios, sen cumprirse os tres minutos de xogo, Hamza conseguiu poñer por diante aos da Ribela. Lonxe de acusar o gol en contra, o Sagrado Corazón fixo nos primeiros vintecinco minutos da segunda metade o seu mellor fútbol, creando ocasións para igualar o encontro.

Despois de varios avisos, Eder conseguiría o 2-2. O centrocampista recuperou o balón e foise cara a portería finalizando cun disparo cruzado.

No minuto 72 Samuel volveu poñer por diante ao Sagrado Corazón.

Nos dez minutos finais, os locais tiveron que aguantar o resultado ante unha Sarriana que tivo as ocasións máis claras para volver darlle unha nova volta de torca ao encontro.

**1-2**

**DE HAMZA** aos dous minutos da segunda metade puxo por diante á Sarriana, obrigando ao Sagrado Corazón a remar contracorrente despois de empezar o partido gañando

**3-2**

**DE SAMUEL** A dez minutos para o final puxo por diante de novo a Sagrado Corazón, que sufriu nos minutos finais para manter o resultado. A Sarriana tivo ocasións para o empate

A vindeira xornada os de Edgar Redondo reciben ao Foz no Municipal da Ribela, e o Sagrado Corazón de Brais Rozados enfrontarase á Residencia na Cheda.


O porteiro da Sarriana, David, anticipase a David, de Sagrado, para atallar o balón


Iago e Samuel ante un balón dividido no Rodríguez Lago


Somoza trata de levar o esférico ante a presión de Aarón


Losada trata de levar o esférico ante David López


Saúl e Richi anticipanse a Yoni e fanse co control do balón

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| SD Ribadeo – Polvorín A | 0-2 |
| CD Foz – Burela SD | 4-1 |
| Sagrado – Sarriana A | 3-2 |
| Monterroso – Residencia A | 1-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FOZ | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| RESIDENCIA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| POLVORÍN | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| SAGRAOD C. | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 2 |
| SARRIANA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| MONTERROSO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 3 |
| RIBADEO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 |
| BURELA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 4 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín A - Monterroso | Sarriana A - CD Foz
Burela SD - Ribadeo | Residencia A - Sagrado

### CADETE Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Residencia B – At. Abuín | 2-0 |
| Piringalla – Xove Lago | 0-5 |
| Lourenzà – Casás | 3-0 |
| Viveiro B – Becerreá | 4-8 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 0 |
| BECERREÁ | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 8 | 4 |
| LOURENZÁ | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 0 |
| RESIDENCIA B | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| AT. ABUÍN | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 |
| CASÁS | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 3 |
| VIVEIRO B | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 4 | 8 |
| PIRINGALLA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 5 |

**PRÓXIMA XORNADA**

At. Abuín - Viveiro B | Casás - Piringalla
Xove Lago - Residencia B | Becerreá - Lourenzá

### CADETE Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Castro – Ferroviaria | 4-0 |
| Sarriana B – Pontenova | 0-4 |
| Polvorín B – Antas | 0-0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | OPts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CASTRO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| PONTENOVA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| ANTAS | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| EF POLVORÍN B | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| VILLALBÉS B | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| FERROVIARIA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 4 |
| SARRIANA B | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 4 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Pontenova - Castro | Villalbés B - Polvorín B
Antas - Sarriana B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## Xove, Lourenzá, Resi B e Becerreá arrancan o Play Off con vitorias

A liguiña de Play Off pon en xogo a posibilidade de disputar a vindeira temporada na Primiera División, unha oportunidade competitiva á que ningúen quere renunciar. Xove, Lourenzá e Becerreá amosaron a súa predisposición con cadansúa vitoria na primeira xornada do ano, de volta á actividade tras o parón de Nadal. Na Cheda reviviuse o duelo branquiazul entre Residencia e Abuín, desta volta con vitoria para os de Adrián Suárez.

No Torneo Delegación, Castro e Pontenova iniciaron a competición coa puntería afinada -con catro goles cada un-, o contrario que Polvorín e Antas, que asinaron un empate a cero.

## Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ANXO | Milagrosa | 12 |
| IAGO | Polvorín FC | 11 |
| ABELLA | Sarriana | 11 |
| DAMIÁN | Becerreá | 8 |
| NANO | Milagrosa | 8 |
| BORJA | Castro | 7 |
| VÍCTOR | Foz | 7 |
| MARCO | Milagrosa | 7 |
| ALBERTO | Polvorín FC | 7 |
| JAVI | Becerreá | 6 |
| GUNDÍN | Sagrado | 6 |
| ÁLEX | Castro | 5 |
| EDILSON | Foz | 5 |
| NEIRA | Milagrosa | 5 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 5 |
| IVÁN GARCÍA | Ribadeo | 5 |
| DIEGO | San Ciprián | 5 |
| ABEL | Villalbés B | 5 |
| NACHO | Castro | 4 |
| RAÚL | Castro | 4 |
| TORITO | Castro | 4 |
| YERAI | Foz | 4 |
| JORGE | Foz | 4 |
| CASANOVA | Ribadeo | 4 |
| JORGE | Ribadeo | 4 |
| ADRIÁN | Sagrado | 4 |
| IVANILSON | San Ciprián | 4 |
| MARCO | Sarriana | 4 |
| ÁLEX | Villalbés B | 4 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 4 |
| GABRI | Villalbés B | 4 |
| SANTÍN | Becerreá | 3 |
| JOSE | Becerreá | 3 |
| JORGE | Castro | 3 |
| JHOSEBA | Foz | 3 |
| MARTÍN | Milagrosa | 3 |
| XOEL | Milagrosa | 3 |

## Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| JORGE | Foz | 23 |
| IAGO | Polvorín FC | 19 |
| HUGO | Sagrado | 18 |
| RAÚL | Castro | 16 |
| VÍCTOR | Foz | 15 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 15 |
| SANTÍN | Becerreá | 14 |
| ADRIÁN | Castro | 14 |
| DIEGO | San Ciprián | 14 |
| ABELLA | Sarriana | 13 |
| ABEL | Villalbés B | 13 |
| IVÁN | Becerreá | 12 |
| BORJA | Castro | 12 |
| ÁLEX | Ribadeo | 12 |
| ANXO | Milagrosa | 11 |
| ÁLEX | Polvorín FC | 11 |
| ABRAHAM | San Ciprián | 11 |
| EDGAR | Sarriana | 11 |
| IVANILSON | San Ciprián | 10 |
| JORGE | Becerreá | 9 |
| JORGE | Castro | 9 |
| DIEGO | Milagrosa | 9 |
| ADRIÁN | Ribadeo | 9 |
| ANDRÉS | San Ciprián | 9 |
| JAIRO | San Ciprián | 9 |
| FABIÁN | Sarriana | 9 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 9 |
| JAVI | Becerreá | 8 |
| RUBÉN | Polvorín FC | 8 |
| HUGO | Ribadeo | 8 |
| PLATAS | Sagrado | 8 |
| MANU | Sarriana | 8 |
| NICO | Villalbés B | 8 |
| IAGO | Villalbés B | 8 |
| MÁNGEL | Castro | 7 |
| ÁLEX | Foz | 7 |
| JORGE | Ribadeo | 7 |
| DIEGO | Ribadeo | 7 |

# Táboas nun duelo de poder a poder nas Gándaras

## YERAY ASINOU O SEGUNDO EMPATE CONSECUTIVO DO SAGRADO ante un Ribadeo que se adiantara no marcador cun gol de Iván García

**SAGRADO 1 – 1 RIBADEO**

**Goles:** Yeray. — **Goles:** Iván García.




**Arbitro:** Iván Abel Bruzos. **Campo:** Rodríguez Lago-As Gándaras (Lugo)

**"Este es el camino a seguir para poder conseguir los objetivos que nos marcamos"** FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

**"Competimos ben e quizais merecemos algo máis, pero rematamos contentos co xogo e as boas sensacións"** SALVA Ribadeo



Harry, que defendeu os paus do Sagrado na segunda parte, sacando de portería

**OS MELLORES**

| SAGRADO | | RIBADEO | |
|---|---|---|---|
| HUGO | ●●● | ÁLEX | ●●● |
| XOÁN | ●● | TONI | ●● |
| YERAY | ● | IVÁN GARCÍA | ● |

Segundo empate consecutivo do Sagrado Corazón. Os de Fran Fernández volveron sumar un punto tras igualar un encontro que comezaron perdendo. Sucedeu no último partido do ano ante o Castro e repetiuse este sábado no Rodríguez Lago ante o Ribadeo, que chegaba a Lugo cun balance dunha vitoria e un empate nas tres primeiras xornadas do Provincial.

Os mariñaos comezaron o encontro cunha defensa alta que dificultou o xogo do Sagrado Corazón, ao que lles custaba profundizar co balón e atopar aos xogadores máis adiantados.

Pola contra, os ribadenses explotaron a súa verticalidade nun roubo en saída de balón que Iván García aproveitou para facer o 0-1 cando aínda non se cumpriran os primeiros vinte minutos do encontro.

Malia encaixar o gol, no último treito da primeira metade os locais lograron máis continuidade co balón e, antes do descanso, Muinelo amagou co empate nun lanzamento de falta directa que rexeitou o pau.

A segunda metade comezou equilibrada, pero co paso dos minutos o Sagrado Corazón fixose coa iniciativa. Con máis posesión e máis profundidade no xogo, os capitalinos foron empuxando cara atrás aos mariñaos.

O dominio local deu os seus froitos nunha xogada pola banda que Yeray rematou a gol, estreándose como anotador esta temporada.

Nos últimos minutos, os dous equipos apuraron as súas opcións de vitoria con ocasións nas dúas áreas, pero sen que o marcador se movese.

**1º**

**GOL DE YERAY** O centrocampista capitalino do Sagrado Corazón estreouse como goleador esta temporada. O seu tanto serviulle ao equipo para sumar o segundo punto no campionato provincial no que os de Fran Fernández cada vez se encontran máis adaptados

# Unha parte para cada equipo na Veiga

## FLY rescatou un punto para o San Ciprián nos últimos intres do partido, cando parecía que o Polvorín quedaría coa vitoria tras remontar o 1-0 da primeira parte

| SAN CIPRIÁN 2 | | POLVORÍN FC 2 | |
|---|---|---|---|
| Elías | | You | |
| Cristian | | Cobas | ● |
| Irfan | | Martín | |
| Jairo | ●●● | Gorka | |
| Juan | | Sebas | |
| Abrahan | | Álex | ●● |
| Nacho | | Alberto | |
| Diego Baltar | | Speedy | |
| Fly | ●● | Rubén | |
| Diego Luna | | Porral | |
| Hugo | ● | Iago | ●●● |
| Iván | | Brais | |
| | | Iker | |
| | | Suso | |

**Goles:** Abrahan e Fly polo San Ciprián. Iago e Álex fixeron os goles do Polvorín.

**Arbitro:** Luis Manuel Graña Glez.

San Ciprián e Polvorín FC comezan o ano sumando cadanseu punto despois dun partido con dúas partes diferenciadas. Os locais desafiaron os malos prognósticos cos que lles tocaba comezar o partido, con moitas baixas ante un rival por riba na clasificación, e adiantáronse cun tanto de Abraham nun saque de esquina.

O 1-0 fixolle dano a un Polvorín moi desdebuxado na primeira hora de partido, na que o equipo de Madariaga tivo ocasións para ampliar a renda. Diego Baltar, nun tiro desde fóra da área, e Diego Luna, a centro de Fly, dispuxeron das máis claras pero non lograron materializalas. Así, o partido chegou ao descanso co 1-0 no marcador.

A renda faríase moi curta para os mariñaos ante un equipo visitante que se enchufou tralo paso polos vestiarios. Primeiro Iago, nun remate nunha falta lateral, e logo Álex remontaron o encontro na Veiga. Como sucedera na primeira parte co San Ciprián, os amarelos tiveron despois ocasións para ampliar a distancia, pero deixaron a porta aberta e Fly soubo aproveitalo para rabuñar un punto para o seu equipo ao rematar un centro de Diego Baltar.

No desconto, Elías sacou un man a man de Javi Porral, que puido volver desnivelar a balanza.

**"Gran traballo do equipo a pesar das baixas coas que afrontamos o encontro"** MADARIAGA San Ciprián

**"Unha de cal e outra de area. Se non compites, non logras levar o partido ao teu terreo"** KUBALA Polvorín FC

# Vitoria do Villalbés ante un Foz orgulloso

## QUE NON BAIXOU os brazos no Roca

| VILLALBÉS B 2 | | FOZ 1 | |
|---|---|---|---|
| Óscar | | Alonso | |
| Cris | | Miguel | |
| Xoel | | Alexis | |
| Ángel | 2 | Juan | 2 |
| Mateo | | Marqués | |
| David | | Jorge | 3 |
| Iago | | Álex | |
| Marco | | Sergio | |
| Santi | 3 | Edilson | |
| Gabriel | | Joseba | |
| Anido | 1 | Víctor | 1 |
| Héctor | | | |
| Carlos | | | |

**Goles:** Gabri e Ángel polo Villalbés; Jorge polo Foz.

**Arbitro:** Alejandro Luna Méndez

O Rácing Villalbés B arrincou o ano coa súa terceira vitoria no campionato provincial ante un Foz que se resistiu a caer no Roca malia acabar o partido con nove xogadores tras unha lesión e unha expulsión.

Sen efectivos no banquiño, e cun 2-0 en contra ao descanso, presumíase un partido moi longo para os da Mariña que, sen embargo, conseguiron manter o partido aberto ata o final. Aos chairegos faltoulles puntería para pechar o encontro e o gol de Jorge para o Foz nunha falta directa mantivo a incertidume no marcador ata o final.

O Villalbés B puxo o partido de cara axiña cun gol de Gabri aos cinco minutos de xogo. Quince máis tarde Ángel fixo o segundo, pero os chairegos volveron coa pólvora mollada e malia xeraren ocasións ao longo dos oitenta minutos non conseguiron materializalas, postergando a sentenza dun partido que dominaron no resto das facetas.

A Veiga será o próximo destino dos chairegos, que se medirán ao San Ciprián a vindeira fin de semana. O Foz recibe ao Sagrado Corazón.

"Resultado muy corto para el buen partido realizado por los jugadores" CHOLAS RC Villalbés B

"Fatal na primeira parte e con orgullo na segunda, podendo empatar pese a acabar con nove xogadores" IVÁN GAYOL Foz



O banquiño da SD Becerreá durante un encontro da primeira fase da competición disputado esta tempada

# A Mila desconxelou o marcador inicial

## PARTIDO MARCADO POLAS BAIXAS TEMPERATURAS coas que se disputou o encontro no Municipal de Becerreá

**BECERREÁ 0 - 3 MILAGROSA**

**Goles:** Nano, Anxo e Diego Ferreiro.




**Arbitro:** Antonio Manuel García Conde. **Campo:** Municipal de Becerreá

**OS MELLORES**

| BECERREÁ | | MILAGROSA | |
|---|---|---|---|
| JORGE | 3 | NANO | 3 |
| IAGO | 2 | MARCO | 2 |
| IVÁN | 1 | RÓBER | 1 |

Terceira vitoria consecutiva da Milagrosa, que volvía visitar Becerreá, onde deixou os únicos dous puntos da primeira fase da temporada despois de empatar a uns na quinta xornada da Liga.

O ambiente xélido do Municipal conxelou á zaga local, frouxa na defensa dun centro que aproveitou Nano para facer o 0-1. Os locais responderon cunha falta directa que puido ser o empate, pero que se estrelou na madeira. O encontro seguiu pola senda da igualdade con dúas ocasións máis de Marco e Anxo para a Milagrosa e outro disparo desde fóra da área para o Becerreá, que puido estrear a conta e ir aos vestiarios co marcador igualado.

Tras o descanso, os locais seguiron buscando o empate pero, co paso dos minutos, os de Couso incrementaron o seu dominio do partido.

A iniciativa traduciuse en ocasións cada vez con máis perigo ata que Anxo ampliou o marcador, dando un golpe case definitivo ao encontro.

"El segundo gol definió el partido por completo" ANTÓN Becerreá

"Gran traballo do equipo nunhas condicións difíciles" COUSO Milagrosa

A sentencia chegaría nos minutos finais cunha xogada individual de Diego Ferreiro, que culminou a acción cun gol polo ángulo da portería.

Co triunfo en Becerreá a Milagrosa suma dez puntos, os mesmos que o Rácing Villalbés B.

Os dous marcan o ritmo do Provincial tras a disputa da cuarta xornada. A vindeira fin de semana os de Couso recibirán na Frigsa ao Polvorín FC. Pola súa parte, o Becerreá visita o Municipal de Castro.

# Empate do Castro no desconto

## A SARRIANA RENDABILIZOU A SÚA PRESIÓN con dous goles en dúas recuperacións de balón que lle permitiron ir 2-0 ao descanso

| SARRIANA 2 | | CASTRO 2 | |
|---|---|---|---|
| Edgar | 2 | Rodrigo | |
| Goyanes | | Joel | |
| Anxo | | Pete | |
| Marco | 1 | Asier | |
| Michi | | Mángel | |
| Fabián | | Adrián | 1 |
| Manu | 3 | Jorge | |
| Porral | | Pablo | |
| Mikeias | | Nacho | |
| Abella | | Borja | |
| Raúl | | Raúl | 3 |
| Vilar | | Torito | 2 |
| Prieto | | Álex | |
| Diego | | Champi | |
| Dieguín | | Diego | |
| Arias | | | |

**Goles:** Manu (2) pola Sarriana; Torito e Jorge polo Castro.

**Arbitro:** Daniel Rammírez Vilaboa.

Ao Castro non lle chegou o control do balón para facer o partido que quería na Ribela. Os locais xogaron ben a baza da presión e en dous balóns recuperados en campo contrario conseguiron poñer o encontro de cara cun 2-0 no marcador, tras un dobrete de Manu.

O vertixinoso ataque local aínda daría algún aviso antes do paso polos vestiarios, podendo ir ao intermedio cunha renda aínda máis ampla. Sen embargo, na segunda metade os visitantes imprimiron mais ritmo ao xogo e conseguiron a profundidade que lles faltara na primeira metade. Crearon ocasións para achegarse no marcador, entre elas un penalti que parou Edgar e dous man a man de Borja no que o porteiro sarriao tamén estivo atinado. Foi Torito quen rompeu a sequía finalizando dentro da área no minuto 60 para facer o 2-1 e poñendolle o balón a Jorge para o 2-2 xa co desconto en marcha.

"Cada partido en esta fase es un mundo, seguiremos trabajando para conocer mundos diferentes y conquistarlos" ALBERTO PÉREZ Sarriana

"O empate deixanos un sabor agridoce. Pero temos que seguir nesta liña" BRAIS PRADOS Castro

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| San Ciprián-Polvorín FC | 2-2 |
| RC Villalbés B-CD Foz | 2-1 |
| Sagrado C.-Ribadeo | 1-1 |
| Sarriana - Castro | 2-2 |
| Becerreá-Milagrosa | 0-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MILAGROSA | 10 | 4 | 3 | 1 | 0 | 15 | 1 |
| RC VILLALBE´S B | 10 | 4 | 3 | 1 | 0 | 10 | 4 |
| POLVORÍN FC | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 8 | 8 |
| CD FOZ | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 8 | 5 |
| CD CASTRO | 5 | 4 | 1 | 2 | 1 | 7 | 7 |
| SD RIBADEO | 5 | 4 | 1 | 2 | 1 | 4 | 7 |
| SARRIANA | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 6 | 14 |
| BECERREÁ | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 3 | 8 |
| SAN CIPRIÁN | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 5 | 8 |
| SAGRADO C. | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 2 | 6 |

**PRÓXIMA XORNADA**

San Ciprián-Villalbés B
Castro-Becerreá
CD Foz-Sagrado
Polvorín FC-Milagrosa
SD Ribadeo-Sarriana

### XUVENIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| San Roque-Monterroso | 1-0 |
| Xove Lago-Residencia B | 5-3 |
| Corgo-Cospeito | 2-3 |
| Viveiro CF B-Palas | 3-0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA B | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 20 | 9 |
| XOVE LAGO | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 16 | 8 |
| VIVEIRO CF B | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 | 7 | 2 |
| SAN ROQUE | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 10 | 8 |
| COSPEITO | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 | 8 | 7 |
| MONTERROSO | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 | 5 | 8 |
| CORGO | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 8 | 14 |
| QUIROGA | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 | 4 | 11 |
| PALAS | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 4 | 15 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Quiroga-San Roque
Residencia B-Cospeito
Monterroso-Xove Lago
Corgo-Viveiro CF B

### XUVENIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Pontenova-Polvorín A | 8-0 |
| Ferroviaria-Outeiro de Rei | 2-1 |
| Gutiriz-Taboada | 2-1 |
| Burela- Lourenzá | 3-1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 19 | 9 |
| SP PONTENOVA | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 17 | 5 |
| LOURENZÁ | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 18 | 8 |
| OUTEIRO DE REI | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 9 | 4 |
| FERROVIARIA | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 10 | 13 |
| GUITIRIZ | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 7 | 15 |
| TABOADA | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 2 | 11 |
| EF POLVORÍN A | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 6 | 23 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Pontenova-Ferroviaria
Taboada-Burela
Outeiro de Rei-Guitiriz
EF Polvorín A-Lourenzá

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

## Só o Cospeito puido gañar a domicilio na volta á competición no Play Off e no Torneo Delegación

Os chairegos empezaron co bo pé e sumaron os tres puntos no Municipal do Corgo. Aínda que tardaron corenta minutos en abrir o marcador, o partido chegou aos últimos minutos cun 0-3. Apertouse nos intres finais con dous goles case consecutivos dos locais aos que se lles acabou facendo curto o encontro. No Torneo Delegación, o Burela alongou a súa xeira de vitorias. Sumou a cuarta consecutiva ante o Lourenzá e segue sen ceder puntos na segunda fase.

# TORNEO DE REIS

## SCD MILAGROSA

**ADC A PIRINGALLA E CD LUGO** repartíronse os trofeos de campións no Luis López Gorgoso, onde se celebrou a XVII edición do campionato por excelencia no Nadal



Sesenta e catro equipos das categorías prebenxamín, benxamín e alevín masculino e alevín e infantil feminino participaron no Torneo de Reis da Milagrosa que celebrou a décimo sétima edición. O Luis López Gorgoso acolleu preto de oitenta partidos durante o xoves e venres da semana de Reis. Dúas xornadas maratonianas de fútbol que remataron co reparto de trofeos aos gañadores e gañadoras: Piringalla na categoría prebenxamín masculina, CD Lugo nas categorías benxamín e alevín masculinas, EFF Rosalía en alevín feminina e Victoria CF B en infantil feminina.

**Campión prebenxamín**

A Piringalla seguiu no parón de Nadal de noraboa, xa que tras clasificarse por primeira vez para disputar no 2019 o Provincial desta categoría iniciou o ano novo co título de campión do Torneo de Reis. Os laranxas impuxéronse con autoridade ao Lugo na final 5 a 2, despois de superar a Sagrado Corazón en semifinais.

**Bicampión**

O CD Lugo rematou o torneo cun dobrete. Os albivermellos fixéronse co título na categoría alevín – a máis numerosa, con 20 equipos participantes– tras vencer ao Galicia de Caranza por 4 a 2. Os lucenses impuxéronse aos ferroláns despois de protagonizar unha das semifinais máis disputadas da xornada con 2 a 1 no marcador final.

O CD Lugo tamén se alzou co título na categoría benxamín. O campión decidiuse na quenda de penaltis despois dunha final igualada na que os de Hugo Vázquez se mediron ao CP Lucense A. O derbi rematou con 1 a 1, pero a sorte sorriu finalmente aos albivermellos que xa pasaran de rolda eliminando, tamén dende os 11 metros, á Milagrosa.





**Hexemonía coruñesa**

A SCD Milagrosa, o único equipo da provincia con escola de fútbol feminino, apostou tamén por dar visibilidade ao fútbol feminino no Torneo de Reis. As anfitrioas compartiron protagonismo con conxuntos de tres clubs coruñeses: Victoria CF, EFF Rosalía e EF Luis Calvo Sanz. A hexemonía coruñesa no elenco de participantes reflectiuse tamén nos podios.

Na categoría alevín, EFF Rosalía impúxose ao Victoria CF B por 2 a 1 na final tras superar nas semifinais ás milagrosistas. Na categoría infantil o trofeo foi para o Victoria CF B, que derrotou ao Victoria CF A na quenda de penaltis.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE